

ata cubrir completamente o rostro e a cabeleira do anónimo histrión, queda formada a súa tiara, que nunca deixa de ir autorizada con triple coroa floral, entre as flores a Rosa Lunaria, a Centifolia, a de Gueldres e a caléndula officinalis xogan un papel máis importante, así coma o desempeñan as elegantes lilas indefectiblemente no seu terminal penacho.

Por último dábanlle o caxato ou bordón, tamén adornado con flores. E no medio da cuadrilla formada por cinco ou seis nenos cada un co seu pau ou fumeiro na man, percorría as principais prazas e rúas da cidade, saudando reverencialmente a todos e repetindo unha e outra vez vellos cantares.

Para cantar poñíase no medio da roda dos compañeiros, e berraba:

- ¡Cantarán o maio!

ó que lle respondían os demais:

- ¡E máis ben cantado!

Entón empezaba a actuación, dando todos voltas arredor do maio, e levando o compás petando cos paus no chan.

Estes son os maíos que queremos volver a recuperar este ano.

### III. OS CANTARES

Dependen de como sexa o maio: os "humanos" –coma o compostelán– cantaban sempre os mesmos e tamén tódolos grupos que se presentaban na cidade. Nas súas letras abundaban as alusións a determinados lugares da poboación. Non se conservan moitos, pero os suficientes para para poderse facer unha idea de como eran. Por sorte, tamén se coñece a melodía.

Os maíos "artísticos" ou "figurados" contan con coplas modernas, nas que os principais brancos adoitan se-los políticos, aunque tampouco faltan nos seus amplos repertorios temáticos, as modas femininas, os deportes, etc. A principal característica é que son novas tódolos anos, feitas por poetas locais que coñecen moi ben o desenvolvemento da vida socio-política da vila.

En Santiago de Compostela temos cantares das dúas clases: dos que corresponden ós maíos tradicionais que deixaron de saír hai moitos anos; e dos que foron cantados dende 1981 en adiante, durante o tempo que se volveu a celebra-la festa. O principal

ingrediente destes últimos xa é a crítica a autoridades e institucións.

Os máis antigos que coñecemos son os que publicou Xosé Pérez Ballesteros en 1886. A primeira estrofa, en castelán –pero con "gueada"–, era moi popular entre os máis dos maíos galegos, e mesmo entre as maías:

*Ángueles somos,  
del cielo bagamos,  
bursa traemos  
dinero buscamos.*

*Ehí vén o Maio  
polas Rodas abaixo,  
ehí vén o maio  
de roubar un refaixo.*

*Ehí vén o Maio  
polas Rodas arriba,  
ehí vén o Maio  
de roubar unha mantilla.*

*Ehí vén o Maio  
pola Porta Faxeira,  
ehí vén o Maio  
de roubar unha monteira.*

*Ehí vén o Maio  
pola Porta do Camiño,  
ehí vén o Maio  
bebendo un vaso de viño.*

Eu pidinlle o Maio  
a un señorito,  
non me tuvo que dar  
senón a cabeza dun pito.

Eu pidinlle o Maio  
a un caballero,  
¡mucho a la planta  
y poco al dinero!

Eu pidinlle o Maio  
a unha señorita,  
non me tuvo que dar  
senón a falda da camisa.  
Eu pidinlle o Maio  
a un capitán,  
non me tuvo que dar  
máis que a cabeza dun can.

Eu pidinlle o Maio  
a un coronel,  
non me tuvo que dar  
máis que un pucheiro de mel.

Eu pidinlle o Maio  
a unha costureira,  
non me tuvo que dar  
senón deitarme con ela.

As últimas seis cuartetos  
reservábanas para os que lle daban  
pouco ou nada.

No seu repertorio non faltaba  
tampouco algunha dirixida ó clero,

The musical score is written on two staves. The first staff is labeled 'SOLO.' and 'SANTIAGO.' and contains the lyrics: 'Vi-che-de-lo Ma-yo, vi-che-de-lo ben? pois el sua cou-si-ña'. The second staff is labeled 'Moderato.' and 'CORO.' and contains the lyrics: 'ta-mén vo-la ten Can-ta-rán ó Ma-yo e moi ben cantado. Can-ta-rán ó ben pro a pouco ven.'

Melodía dos maíos de Compostela (C. Sampedro y Folgar)

como estas dúas ás monxas de  
San Paio e Belvís:

Quén me dera unha laranxa  
e por dentro un pouco allo  
para quitar unha monxa  
do convento de San Paio.

Quén me dera unha laranxa  
e por dentro un pouco anís,  
para quitar unha monxa  
do convento de Belvís.

No mesmo ano, 1886, Antonio  
de la Iglesia publicou varias en *El  
idioma gallego, su antigüedad y  
vida*, que, aínda que non figura a  
poboación, doadamente se deduce  
que algunhas son compostelás  
polos topónimos:

Ahí vén o Maio  
pola porta do Camiño.

Ahí vén o Maio  
comendo pan e touciño.


Ahí vén o Maio  
pola porta da Faxeira  
Ahí vén o Maio  
comendo pan e manteiga.

J. Inzenga dá tres máis que non  
as recollen os dous autores  
anteriores (1888):

¿E víste-lo maio?  
¿E vístelo ben?  
¡Pois aquelaña  
tamén vo-la ten!

Déano-las maías  
señor capitán,  
déano-las maías  
que están na hucha do pan.  
Déano-las maías  
señor coronel,  
déano-las maías  
que están na ola do mel.

Casto Sampedro y Folgar  
recolle a melodía e dúas estrofas, e



Melodía dos maios tradicionais de Santiago de Compostela (X. Filgueira Valverde)

Xosé Filgueira Valverde reproduce tamén outras dúas, procedentes da colección da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, coa correspondente música:

*Ángeles somos  
del cielo venimos,  
flores traemos  
dulces pedimos.*

*Cantarán o maio  
cantarano ben,  
cantarán o maio  
para o ano que vén.*

As maias ou maiolas son as castañas secas do canizo. Ás que se lle daban ós maios adoitaban se-las últimas que quedaban, pois as máis delas comíanse durante a Coresma, como aínda o testemuñan persoas maiores da parroquia de Vilvestro, que lembran como seus pais e avós lles falaban do "caldo de maias" coresmal.

Polo que atinxe ós maios modernos, da festa de 1954 non dispoñemos de ningún cantar, pero si dos de 1981 e posteriores. Como mostra, escollemos un fragmento dun de 1982, dos nenos do colexio público "Colexiata do Sar":

*Veleiquí o maio do Sar  
cheo de arte e de flor,  
se nos vos leva algún premio  
é porque hai outro mellor.*

(...)

*Ó Parlamento Galego  
témoslle que agradecer  
que a capital de Galicia  
eiquí nos queira poñer.  
Que as "dereitas" e "esquerdas"  
se deixen de cotifar  
e que pensen que en Galicia  
hai moito que traballar.*

*Porque lles está pasando  
como no Axuntamento  
que uns din "si" e outros "non"  
e non hai entendemento.*

(...)

*O Concellal de Cultura  
organizou estes maios  
pra que tódolos rapaces  
recordémo-lo pasado.*

(...)

*O Maio de Sar  
xa vos ten un ano,  
pró ano que vén  
xa vos vén andando  
xa vos vén andando,  
bailando nun pé,  
o Maio de Sar  
¡Ai que agudo é!*

#### IV. COMO SE FAI UN MAIO

En Compostela hai a vantaxe de poder escoller segundo conveña, entre o maio auténtico santiagués, ou outro semellante ós de Pontevedra, Marín, Ourense, Redondela,...

Actualmente en calquera dos dous os grupos poden ser de nenas, nenos ou mixtos.

##### a) O maio tradicional compostelán:

Pódese participar individualmente ou en grupo (de

catro a seis compoñentes), pero neste último caso non se disfrazan máis de un. Os acompañantes portan paus grandes ou fumeiros para dar no chan ó cantar.

O primeiro que se fai é xuntar moitas espadanas (que abundan nos prados e, en xeral, onde hai auga), fiuncho, xestas e toda clase de flores. Logo vén a confección da vestimenta:

1) **O saial:** enfiáanse nunha corda delgada ou cordel, alternadamente, fronzas ou polas de fiuncho, xesta e follas de espadana, de xeito que ó atalo á cintura da nena ou neno cubra ben todo ó arredor. Xa posto, decótanselle as puntas, para que quede por un igual.

2) **A esclavina:** confecciónase de igual xeito e cos mesmos materiais, pero tendo en conta que vai atada ó pescozo e ten que tapar todo arredor.

3) **As mangueiras:** tamén se fan igual e cos mesmos materiais, pero son máis pequenas, xa que se meten nos brazos para que queden recubertos de verde. Deben ir atadas nos dous extremos.

*Maio de Vilanova de Arousa (1987).*





- 4) **A coroa:** estes maíos teñen que
- leva-la cara tapada, para o que se
- fai do mesmo xeito có saial e a
- esclavina, unha especie de coroa
- de fiuncho que se coloca sobre a
- cabeza, deixando cae-las puntas
- das polas todo arredor. Sobre esta
- coroa vai outra de flores,
- semellando unha tiara ou penacho.

Nós somos partidarios de trocar esta última coroa por un chapeu, adornado con flores e mesmo cunha cuncha de vieira, por ser máis cómodo de levar e tamén de confeccionar.

- 5) **O bordón:** pode ser un caxato grande ou, se se quere, mesmo rematado en cruz. Debe adornarse con verde e flores e, a poder ser, cunha cabaciña arriba.

- 6) **Os cantares:** non é obrigatorio cantar. Serven mesmo as coplas tradicionais de finais do século pasado. Tamén se poden inventar outras novas. O normal é que mentres canta unha estrofa o solista –o maio–, os compañeiros anden arredor, repetíndoa logo ó rematar el, acompañánda con golpes de paus.

*O rei mitolóxico Breogán. Maio artístico de Ourense (1986)*

**b) Os maíos artísticos:**

Antes de nada cómpre pensar na figura que se desexa armar: se vai se-la tradicional cónica, piramidal ou outra calquera. O primeiro é procura-los paus para face-lo armazón e tamén abundantes flores, fiuncho, xestas, espadanas, etc. Os grupos poden ser de seis a dez nenos.

1) Ármase a figura e cúbrese con fiuncho, xestas, etc. Se se prefere, pódese segui-lo modelo de Ourense, cá cubren con arpilleira e logo cosen –ou pegan– musgo, o que lles permite facer figuras moi variadas, que non se consiguen da outra forma.

2) Debe ir rematado cunha coroa floral e adornado con

• laranxas, cascas de ovos, flores,...

• 3) Pódese acompañar dun ramo que porta un neno, que vén a ser como a bandeira do grupo.

• 4) As coplas teñen que ser inventadas, permitíndose toda clase de crítica, pero sempre respetuosa. Cántase do mesmo xeito que no maio “humano”, acompañando con golpes de paus ou batendo contra o chan, pero –podendo ser– o solista debe facelo dende dentro da figura.

• A “festa dos Maíos” é unha das máis ecolóxicas de tódalas populares que teñen lugar ó longo do ano, xa cá principal protagonista é a Natureza, fonte de vida. Por iso,

• esta celebración debe ser referencia obrigada para a súa conservación, protección e mellora, có home entendeu dende os primeiros tempos, festexando a floración e fructificación dos vexetais, e propiciando a reprodución dos animais e tamén a del mesmo, pois por algo é o mes do amor:

*Aquí vén o maio  
das flores dono e señor,  
cargadiño de esperanzas  
e abrindo as portas do amor.*

*Clodio González Pérez  
Museo do Pobo Galego*

**BIBLIOGRAFIA BASICA**

CARO BAROJA, Julio: *La estación de amor. Fiestas populares de mayo a San Juan*, Ed. Taurus, Madrid, 1979.

FILGUEIRA VALVERDE, Xosé: “A festa dos Maíos”, *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, I, Santiago de Compostela, 1927.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Os maíos*, Concello de Santiago - Museo do Pobo Galego, 1984.

• GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *A festa dos maíos en Galicia. Unha aproximación histórico-antropolóxica ó Ciclo de Maio*, Deputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra, 1989.

• GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *A festa dos maíos*, Ir Indo edicións, Vigo, 1989.

• INZENGA, J.: *Cantos y bailes populares de España: Galicia*, Madrid, 1888.

• PÉREZ BALLESTEROS, José: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña*, II, Madrid, 1886.

• SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto: *Cancionero Musical de Galicia. Colección de la Sociedad Arqueológica de Pontevedra...*, Pontevedra, 1952.